



Concello de Outeiro de Rei

SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA DE 29 DE XULLO DE 2022

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas do día vintenove de xullo de dous mil vintedous, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario accidental, Luis Pardo Ferro, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín; D^a Pilar Méndez Lombao; D. Antonio López Pérez; D^a María José Martínez Vigo; D. Luis Varela Pérez; D. Jesús Fernández García; D^a Tania Díaz Seijas; D. Xosé Ferreiro Fernández; D^a Elvira Lombao Vila; D^a Rita Castedo Meilán e D^a María del Carmen Acacio López, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro fai uso da súa palabra dicindo que non se pode convocar un Pleno de aprobación dos orzamentos sen a presenza do Sr. Secretario ou alguén que legalmente poida substituílo. Considera que calquera acordo que se poida tomar sen a presenza do Secretario ou persoa que legalmente poida substituílo pode ser nulo de pleno dereito, o cal lle parece unha irresponsabilidade celebrar o Plenos sen a presenza do Secretario Xeral.

O Alcalde intervéñ informando que o Secretario non está e o substitúe un funcionario do Concello que non é de habilitación nacional pero que está autorizado para elo. Asiste tamén a técnica correspondente nos temas económicos que se van a tratar que é a Interventora municipal e con iso pode celebrarse a sesión sen ningún problema.

1-PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO 2022.

O Alcalde inicia defendendo a seguinte proposta de resolución:

Formado o Orzamento Xeral do concello de Outeiro de Rei correspondente ao exercicio económico 2022 así como, as súas Bases de Execución e o Cadro de Persoal comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988.

Visto o informe do orzamento 2022 da interventora municipal.





Concello de Outeiro de Rei

Visto o informe de intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

Visto o anterior, propón ó Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión de Asuntos do Pleno.

PRIMEIRO: Aprobar o límite de gasto non financeiro, regulado no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financiera, para o exercicio 2022 do orzamento do concello de Outeiro de Rei, na contía de 3.996.870,35 €.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o orzamento xeral do concello de Outeiro de Rei, para o exercicio económico 2022, xunto coas súas bases de execución, e cuxo resumo por capítulos é o seguinte:

ORZAMENTO GASTOS

Clasificación económica - Resumen general			
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
1	GASTOS DE PERSONAL	1.250.817,07	16,59
2	GASTOS CORRIENTES EN BIENES Y SERVICIOS	2.832.280,22	37,56
3	GASTOS FINANCIEROS	26.000,00	0,34
4	TRANSFERENCIAS CORRIENTES	211.336,00	2,80
5	FONDO DE CONTINGENCIA Y OTROS IMPREVISTOS	0,00	0,00
Total operaciones Corrientes		4.320.433,29	
Clasificación económica - Resumen general			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
6	INVERSIONES REALES	3.204.866,73	42,50
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	0,00





Concello de Outeiro de Rei

8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	15.570,00	0,21
Total operaciones de Capital		3.220.436,73	

Total Presupuesto	7.540.870,02	
--------------------------	---------------------	--

ORZAMENTO INGRESOS

Clasificación económica - Resumen general			
A.- OPERACIONES CORRIENTES			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
1	IMPUESTOS DIRECTOS	1.427.000,00	18,92
2	IMPUESTOS INDIRECTOS	100.000,00	1,33
3	TASAS, PRECIOS PUBLICOS Y OTROS INGRESOS	2.676.069,22	35,49
4	TRANSFERENCIA CORRIENTES	2.039.194,97	27,04
5	INGRESOS PATRIMONIALES	0,00	0,00
Total operaciones Corrientes		6.242.264,19	

Clasificación económica - Resumen general			
B.- OPERACIONES DE CAPITAL			
Cap.	Descripción	Consignación	(%)
6	ENAJENACION DE INVERSIONES REALES	76.920,00	1,02
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	1.221.685,83	16,20
8	ACTIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
9	PASIVOS FINANCIEROS	0,00	0,00
Total operaciones de Capital		1.298.605,83	





Concello de Outeiro de Rei

Total Presupuesto	7.540.870,02
--------------------------	---------------------

TERCEIRO. Aprobar inicialmente o cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

CUARTO. Aprobar a masa salarial do persoal laboral, que ascende a 372.710,65 euros.

QUINTO: Anular as transferencias de crédito efectuadas ao orzamento prorrogado de 2022.

SEXTO. Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2022, as bases de execución e anexo de persoal aprobados, por prazo de quince días, mediante anuncios no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e tableiro de anuncios do Concello, a efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

SÉTIMO. Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presente ningunha reclamación.

OITAVO. Remitir copia á Administración do Estado.

O Alcalde di que é un orzamento formulado para seguir mantendo unhas fortes inversións coma as que se fixeron nos últimos anos e unha calidade de servizos acorde á demanda e expectativas dos veciños, e que permitirá cumprir o eslogán “Concello de Outeiro de Rei, Concello de futuro”.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro intervén para defender dúas enmendas presentadas e do seguinte teor literal:

Rita Castedo Meilán, Elvira Lombao Vila e Xosé Ferreiro Fernández, concelleiras e concelleiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presentan a seguinte emenda ao asunto número 1 da orde do día do Pleno de 29 de xullo de 2022:

Proposta de aprobación provisional do orzamento xeral para o exercicio 2022.





Concello de Outeiro de Rei

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A falta de rede de saneamento estase a converter nun dos principais problemas que ten boa unha parte da cidadanía de Outeiro de Rei, pois a maior parte dos núcleos rurais do concello carecen deste servizo básico.

Existen neste momento vivendas que, debido á configuración do núcleo na que están enclavadas, xa non teñen forma de xestionar os residuos que xeran, necesitando de forma urxente que o concello lles dea unha solución.

Esta situación dáse en todos os núcleos do concello, pero dunha forma máis intensa, se cabe, nos núcleos de Martul e de Mosteiro.

O concello é a administración que está máis preto da cidadanía e é a encargada de subministrar os servizos básicos e esenciais para a vida das persoas, servizos entre os que neste momento se atopa, sen dúbida algunha, o servizo de saneamento.

E por iso, que o Grupo do BNG presenta ante o Plenoas seguintes emendas aos orzamentos xerais do concello de Outeiro para o ano 2022:

Emenda Número 1:

Proponse destinar a cantidade de 50.000 € dos orzamentos do ano 2022 para o estudo das posibilidades de levar o servizo de saneamento a todos os núcleos do concello, estudando e explorando as posibilidades técnicas existentes, os seus custes, temporización, prioridades, etc

Actuación proposta	Importe	Orixe dos fondos		Partida de destino
		Concepto	€	
Estudo das posibilidades técnicas e económicas de levar o servizo de saneamento a todos os núcleos rurais do concello	50.000 €	150	12.000	Partida orzamentaria: 160.629
		152	7.000	
		22602	20.000	
		22604	11.000	

Concepto 150: Incentivos

Concepto 152: Outros incentivos

Concepto 22602: Publicidade e propaganda

Concepto 22604: Xurídicos e contenciosos





Concello de Outeiro de Rei

Emenda Número 2:

Propónse destinar a cantidade de 100.000 € dos orzamentos do ano 2022 para a elaboración do proxecto e inicio das obras do servizo de saneamento para os núcleos de Martul e Mosteiro

Actuación proposta	Importe	Orixe dos fondos		Partida de destino
		Partida	€	
Elaboración do proxecto e inicio das obras de saneamentos dos núcleos de Martul e Mosteiro	100.000 €	342.622	30.000	Partida orzamentaria: 160.629
		912.233	25.000	
		912.48	15.000	
		Baixas de licitación	15.000	
		Mellora dos contratos directos	15.000	

Partida 342.622	Edifícios e outras construcións
Partida 912.233	Outras indemnizacións (asistencia a órganos colexiados)
Partida 912.48	A familias e institucións sen ánimo de lucro (asignación a grupos políticos)
Baixas de licitación	Rebaixa por debaixo do orzamentado nas adjudicacións por concursos
Mellora dos contratos directos	Aforro eliminando a adjudicación directa de contratos
Partida orzamentaria: 160.629	Saneamento e alcantarillado

En Outeiro de Rei, a 27 de xullo de 2022

Os concelleiros do BNG non somos técnicos nin especialistas en temas orzamentarios, pero creen que se pode minorar partidas como a propaganda; asistencia a órganos colexiados; gratificacións que de forma totalmente discrecional otorga o Sr. Alcalde; as partidas que aparecen ocultas nos orzamentos que non saben para que son; as baixas que se poidan producir polas licitacións de obras que, ou ben van para remanentes do ano seguinte ou ben para outro tipo de obras ou servizos a través de transferencias de capital ou o aforro que se poida ocasionar sacando a concurso público todos aqueles contratos que de forma directa otorga o Sr. Alcalde e están convencidos que se poideran optar todos os autónomos de esa profesión a facer ese traballo fariase o traballo con bastante mellor calidade e de forma máis barata.





Concello de Outeiro de Rei

Con esas partidas económicas cree que se podería dotar de 150.000 euros para levar o saneamento a todos os núcleos, sobre todo o de Mosteiro e Martul.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que non pode aprobarlle ningunha das emendas. Podería argumentar simplemente que ás alturas nas que se presenta a emenda o único que lles obrigaría sería a deixar o orzamento sobre a mesa para que a Intervención emita os informes preceptivos.

Este goberno xa leva facendo dende fai uns cantos anos saneamentos nas parroquias e non lle parece de recibo centrarse en Martul soamente porque unha concelleira sexa de Martul. Martul leva na mesma situación cincuenta anos e a situación de Mosteiro é totalmente diferente. Mosteiro creceu moito e ten unha necesidade acuciante de saneamento. Martul e algúns núcleos máis tamén o necesitas, pero todo hai que cadralo dentro das posibilidades económicas para poder levalo a cabo sen condicionar a continuidade dos servizos que estamos a prestar.

Non estará de acordo nunca en facer un saneamento das parroquias alonxadas dos colectores nin está de acordo en colocar unha depuradora que sería insoportable para os veciños da contorna.

O único que fai o BNG é publicidade, demagogia e propaganda xa que se acercan as eleccións. O goberno municipal ten a conciencia tranquila xa que os servizos que se prestan aos veciños son comparables cos de calquer concello e super comparables cos dos concellos onde gobernan vostedes.

O BNG fala de defender o rural, o rural deféndese con feitos non con palabras. Utilizaron o rural para facer política de propaganda e, nembargantes, cando estivo o BNG gobernando na Xunta non defendeu absolutamente nada o rural.

Di que só cobran asistencias os concelleiros do PP. É mentira. Os concelleiros do BNG cobran polas asistencias aos órganos colexiados exactamente o mesmo que os concelleiros do PP.

O BNG quere facer propaganda con iso. Pero onde goberna o BNG todos os concelleiros teñen adicacións exclusivas e non fai falla alonxarse de Outeiro de Rei cincuenta quilómetros para comprobalo.

Respecto dos contratos directos, asegura que onde goberna o BNG se fan contratos directos multiplicados por dez e ademáis en cantidades enormes, e pon como exemplo á Deputación de Lugo.





Concello de Outeiro de Rei

Como xa mencionou antes non va a aceptar a enmenda. Insiste en que este orzamento leva o saneamento en tres parroquias do Concello.

Incorpórase a concelleira dona Begoña Seco Varela.

A concelleira do PSdG-PSOE dona María del Carmen Acacio López intervén dicindo que atopanse novamente ante uns orzamentos fóra de prazo. Volve a preguntar o mesmo que en ocasións anteriores. Porque non elaboran uns orzamentos no seu tempo e prazo se dispoñen dunha maioría abonda para tomar as decisións que lles conveñen. Polo demáis leu no informe de intervención sobre os orzamentos que seguen empregando a figura do recoñecemento extraxudicial de crédito para dar cobertura á realización sistemática dos gastos fora do orzamento, o cal vai a traer como consecuencia a imposibilidade de levar adiante as obrigas do exercicio do ano en curso. Parece que se está tramitando un expediente de suplemento de crédito e que se votará hoxe en Plenoprocurando así un pouco de oxígeno para unha xestión económica nefasta nestes últimos anos que nos levou a deber o pago de facturas por máis de 1.000.000 euros. Cómo pode o Sr. Alcalde comentar na súa memoria que as previsións se basean na forte inversión e eficacia da xestión?.

En canto aos investimentos, claramente as cifras non se axustan á realidade. A cantidade destinada por enésima vez á Palloza maquilla a verdadeira cantidade de investimento. Mentras falan dun 45,5 %. a realidade é que o investimento supón un 22,24 % si se desconta esa partida que utilizan como comodín ano tras ano.

O mesmo sucede coas porcentaxes do capítulo de impostos e taxas; falan dun 55,74 % das previsións e cando se desconta a cifra da Palloza a porcentaxe descende ao 35,58 % das previsións.

En resumo, empregan as partidas que supostamente aportarán os veciños/as da Palloza para engordar tanto as cifras de investimentos como as de impostos indirectos, taxas...

O verdadeiro asunto é que despois de comunicarlles por carta aos veciños/as desta Urbanización a aprobación inicial do proxecto da urbanización e do proxecto da parcelación se presentaron varias alegacións. Poderían explicar hoxe en que situación se atopa o proceso?. Pregúntanse se algún día se dará fin a este asunto dun xeito no que os veciños non saian perxudicados e se faga xustiza por fin.

O concelleiro do BNG, don Xosé Ferreiro di que a dieta que cobra por asistir non lle compensa todo o traballo e escoitar barbaridades e estupideces que escoita. Vir a escoitar que porque haxa sitios que son corruptos ou que fagan cousas mal se lexitima





Concello de Outeiro de Rei

para que en Outeiro de Rei se fagan as cousas mal ou se practiquen outro tipo de actividades que non son correctas parécelle unha auténtica barbaridade. Nunca se pode xustificar que algo que se faga mal porque noutro sitio tamén o fagan mal.

Debemos resaltar algo que é positivo respecto a outros anos e que é a forma de presentar a documentación en tempo e forma. Por primeira vez atopan unha documentación enviada a tempo e perfectamente estruturada. É o único positivo.

Como dixó ao inicio da sesión, este Pleno non está legalmente constituído. Non se pode celebrar un Pleno sen a presenza do Secretario Xeral que ten que dar fé e validez legal do que se acorde ou, no seu defecto, ten que estar unha persoa que legalmente o poida substituír. A lei é clarísima.

Se por razóns de forza maior, que non é o caso, ten que ser substituído debe selo por alguén que autorice a Consellería e sempre por un funcionario que estea cualificado e do grupo A1. O que vai dicir non é nada persoal; o funcionario que se ofrece como garantía da legalidade ao Pleno máis importante do ano é un funcionario do grupo C1, que poderá ser moi válido no seu traballo, pero non ten nin a titulación nin a capacitación necesaria para poder suplir ao Secretario nestas funcións.

O problema é que calqueira que queira recurrir os acordos tomados neste Plenopoderá alegar que estes acordos son nulos de Plenodereito. Non lle preocupan os orzamentos, preocupalle o punto seguinte: pode haber moitos compañeiros, moitos veciños e veciñas que queden sen cobrar as súas facturas e que, pola negligencia do Alcalde de dar lugar a un defecto de forma que imposibilite a legalidade do acordo de transferencia de crédito, non poidan cobralas.

Segunda cuestión: O mandato legal de que os orzamentos teñan que estar aprobados antes do trinta e un de decembro o Alcalde o pasa polo arco do triunfo e trae os orzamentos ao Plenocando xa pasaron dous tercios do anos, ao tempo que imposibilita calquer participación da oposición na presentación de propostas ou alternativas.

Respecto dos salarios e o complemento específico a lei é clara, non pode superar o 75 % de diferenza da masa salarial total restándolle as retribucións básicas e o complemento de destino Nembargantes aquí superase este límites xa as gratificacións que de forma sistemática reparte o Sr. Alcalde superan amplamente ese 75 % e iso fai que haxa funcionarios do grupo C, C1 e inclusive do C2 que superan o salario que cobra un funcionario A1 da Xunta de Galicia ou do Estado.

Éste é un orzamento que se pode calificar como fraudulento. No momento que se anuncia que hai 7.500.000 euros de ingresos e de gastos e xa de entrada 1.500.000 euros





Concello de Outeiro de Rei

sábase que non existen porque levan máis de quince anos orzamentándose como ingreso e como gasto sen materializarse.

Anúncianse 3.000.000 euros de investimento real cando 1.500.000 euros non existe e os outros 1.500.000 euros son totalmente a cargo de subvencións doutras Administracións. O Concello destina a investimento real “cero patatero”, como diría o Sr. Aznar.

Detectan partidas que están agochadas, xa que na partida económica aparece unha cantidade e no anexo de investimentos aparece a metade. Polo que no medio destínanse cantidades que non se saben para ónde van.

Por último, e quizabes o máis grave, é a linea política dos orzamentos, que consiste en que os ingresos que se prevee que teña o Concello non van cubrir os gastos correntes que ten o Concello. Chegouse a situación de ter que pedir 1.200.000 euros para pagar as facturas aos nosos provedores. Outra vez a débeda vaise a disparar e os provedores van a cobrar novamente con retraso.

Sumando os defectos de forma e o fondo o BNG non poden votar a favor dos orzamentos xerais do Concello de Outeiro de Rei.

O Alcalde resposta á concelleira do PSdG-PSOE que os orzamentos se presentan fora de prazo e que iso ten ventaxas e inconvenientes. Todos os anos se fala diso e gustaríalle facer os orzamentos no mes de outubro e ter coñecemento das inversións que van a financiar as outras administracións. Iso sería o ideal pero é imposible.

Preocúpalles o da Palloza para facer propaganda e decirlles aos veciños que non se fai nada.

O Concello redactou os proxectos de urbanización e reparcelación e os aprobou inicialmente, tralo cal se presentaron alegacións. Asemade, o concello solicitou os informes sectoriais das outras Administracións que esixe a Lei, e tan pronto se reciban, se respostarán as alegacións e se aprobarán definitivamente os proxectos de urbanización e de reparcelación. Nese momento poderá iniciarse a contratación pero, para iso, ten que estar orzamentado o ingreso e o gasto.

O Alcalde resposta ao concelleiro do BNG que sabe que lle gusta levantar a voz, falar de corrupción, de incompetencia pero aquí non hai nada diso. E non se preocupen que non vai a quedar ninguén sen cobrar as súas facturas.





Concello de Outeiro de Rei

Respecto ao complemento específico non se modificou nada con respecto aos anos anteriores. Creen que todo o persoal deste Concello traballa con rigurosidade, adicación e merecen os complementos que teñen. Vostedes que son uns plenos defensores dos traballadores igual o corrixen.

Di que algunha partidas supera as contías dos proxectos previstos no anexo de inversións. Evidentemente. Só faltaría que no mes de xullo se tivera unha partida totalmente axustada ao proxecto que se ten contratado. Entón calquera imprevisto que sucedera durante a execución quedaría sen pagar. Por outra banda, dispoñemos de partidas que van permitir aprobar máis proxectos que os recollidos no anexo de investimentos.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de enmenda presentada polo BNG.

Realizada a votación, a proposta de enmenda queda rexeitada con 3 votos a favor dos concelleiros do BNG, nove votos en contra dos concelleiros do PP e unha abstención da concelleira do PSdG-PSOE.

A continuación sométese a votación a proposta de aprobación provisional do orzamento xeral para o exercicio 2022.

Realizada a votación da proposta de aprobación queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP e con catro votos en contra dos concelleiros do BNG e do PSdG-PSOE.

2- PROPOSTA DE APROBACIÓN PROVISIONAL DE EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO 1/2022.

O Alcalde inicia defendendo a seguinte proposta de resolución:

Tendo en conta o disposto no art. 177 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Considerando que en desenvolvemento e execución do Orzamento para o exercicio 2022 apreciouse a insuficiencia do crédito previsto en diversas aplicacións orzamentarias do estado de gastos.

Vistos os Informes de Intervención, esta Alcaldía propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo, previo ditamen da Comisión Informativa:





Concello de Outeiro de Rei

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito do Orzamento da Corporación para o ano 2022 mediante suplemento de crédito financiado con Remanente Líquido de Tesourería por importe total de 1.084.875,57 euros, de acordo co seguinte detalle:

GASTOS.-

PROGRAMA	ECONÓMICA	IMPORTE
136	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	1.858,06
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	1.157,77
	22104-VESTUARIO	1.517,30
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	1.903,94
Total 136		6.437,07
151	216-EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	2.340,51
	22604-JURIDICOS, CONTENCIOSOS	357,82
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	10.164,00
Total 151		12.862,33
153	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	1.641,37
Total 153		1.641,37
1532	210-INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	3.259,74
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	1.185,80
	609-OTRA INVERSION NUEVA INFRAESTRUC.Y BIENES USO GRA	2.173,47
	629-OTRA INV. NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO SERV	3.559,24
Total 1532		10.178,25
160	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	787,71
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	2.901,07
	629-OTRA INV. NUEVAS ASOCIADAS AL FUNCIONAMIENTO SERV	3.112,31
Total 160		6.801,09
161	210-INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	99,22
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	19.752,44





Concello de Outeiro de Rei

	22199-OTROS SUMINISTROS	475,91
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	41.124,99
Total 161		61.452,56
1621	22199-OTROS SUMINISTROS	4.041,40
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	207.046,81
Total 1621		211.088,21
1623	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	1.403,60
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	13.200,00
Total 1623		14.603,60
164	619-OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	1.706,10
Total 164		1.706,10
165	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTLAC.Y UTILLAJE	11.946,33
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	25.386,00
	22100-ENERGIA ELECTRICA	85.738,04
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	302,13
	619-OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	1.936,00
	623-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	2.637,51
Total 165		127.946,01
171	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	933,37
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	76,44
	22199-OTROS SUMINISTROS	127,05
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	2.657,16
Total 171		3.794,02
172	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	2.698,61
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	2.027,16





Concello de Outeiro de Rei

	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	198,80
	22199-OTROS SUMINISTROS	902,17
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	363,00
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	67.772,70
	609-OTRA INVERSION NUEVA INFRAESTRUC.Y BIENES USO GRA	2.666,84
	622-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	1.476,20
	623-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	37.885,10
Total 172		115.990,58
221	16204-ACCION SOCIAL	1.302,27
Total 221		1.302,27
231	204-ARRENDAMIENTOS DE MATERIAL DE TRANSPORTE	605,00
	22000-ORDINARIO NO INVENTARIABLE	211,42
	22105-PRODUCTOS ALIMENTICIOS	150,00
	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	80,44
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	2.069,10
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	44.506,25
Total 231		47.622,21
241	204-ARRENDAMIENTOS DE MATERIAL DE TRANSPORTE	154,00
	216-EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	306,13
	22000-ORDINARIO NO INVENTARIABLE	1.448,59
	22104-VESTUARIO	1.511,08
	22199-OTROS SUMINISTROS	44,77
	224-PRIMAS DE SEGUROS	290,02
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	302,50
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	2.443,41
Total 241		6.500,50
311	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	145,20





Concello de Outeiro de Rei

Total 311		145,20
312	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTALAC.Y UTILLAJE	302,50
	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	158,51
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	1.618,98
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	1.098,47
	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	1.643,40
	22700-LIMPIEZA Y ASEO	3.271,16
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	11.115,80
Total 312		19.208,82
323	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	1.089,00
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	8.005,68
	22100-ENERGIA ELECTRICA	46,83
	22199-OTROS SUMINISTROS	460,04
	22700-LIMPIEZA Y ASEO	4.725,05
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	45.399,18
Total 323		59.725,78
326	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	329,00
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	14.073,19
Total 326		14.402,19
334	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTAL.Y UTILLAJE	520,30
	204-ARRENDAMIENTOS DE MATERIAL DE TRANSPORTE	229,90
	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	273,46
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	648,56
	216-EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	1.554,93
	22000-ORDINARIO NO INVENTARIABLE	1.868,04
	22001-PRENSA, REVISTAS, LIBROS Y OTRAS PUBLICACIONES	360,00
	22100-ENERGIA ELECTRICA	435,09





Concello de Outeiro de Rei

	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	6.356,16
	22199-OTROS SUMINISTROS	535,38
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	366,98
	226-GASTOS DIVERSOS	686,51
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	5.419,20
	622-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	1.911,80
Total 334		21.166,31
341	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTLAC.Y UTILLAJE	1.765,50
	204-ARRENDAMIENTOS DE MATERIAL DE TRANSPORTE	1.892,00
	205-ARRENDAMIENTOS DE MOBILIARIO Y ENSERES	617,10
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	3.623,95
	22000-ORDINARIO NO INVENTARIABLE	332,08
	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	3.751,35
	22199-OTROS SUMINISTROS	919,60
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	4.154,54
	22699-OTROS GASTOS DIVERSOS	66,55
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	31.129,27
Total 341		48.251,94
342	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTLAC.Y UTILLAJE	133,10
	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	3.918,98
	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	586,61
	22199-OTROS SUMINISTROS	498,02
	22699-OTROS GASTOS DIVERSOS	2.394,23
	22700-LIMPIEZA Y ASEO	1.321,38
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	8.973,21
Total 342		17.825,53
430	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	883,30





Concello de Outeiro de Rei

Total 430		883,30
432	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	133,10
	22199-OTROS SUMINISTROS	68,00
	22701-SEGURIDAD	6.807,40
	609-OTRA INVERSION NUEVA INFRAESTRUC.Y BIENES USO GRA	2.524,94
Total 432		9.533,44
433	22100-ENERGIA ELECTRICA	358,12
	22200-SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES	440,39
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	5.122,54
	22701-SEGURIDAD	686,08
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	17.317,52
Total 433		23.924,65
440	215-MOBILIARIO	1.052,94
Total 440		1.052,94
441	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	3.813,70
Total 441		3.813,70
453	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTLAC.Y UTILLAJE	10.216,35
	210-INFRAESTRUCTURAS Y BIENES NATURALES	28.642,18
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	13.525,38
	22100-ENERGIA ELECTRICA	120,66
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	14.421,42
	22104-VESTUARIO	1.280,77
	22199-OTROS SUMINISTROS	4.572,54
	22200-SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES	89,48
	224-PRIMAS DE SEGUROS	101,45
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	5.924,12
	619-OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	16.673,88





Concello de Outeiro de Rei

Total 453		95.568,23
454	619-OTRAS INV.REPOSICION INFRAESTRUC.,BIENES USO GRAL	2.371,60
Total 454		2.371,60
920	203-ARRENDAMIENTOS DE MAQUINARIA,INSTLAC.Y UTILLAJE	60,50
	205-ARRENDAMIENTOS DE MOBILIARIO Y ENSERES	60,50
	212-EDIFICIOS Y OTRAS CONSTRUCCIONES	283,67
	213-MAQUINARIA, INSTALACIONES TECNICAS Y UTILLAJE	4.131,25
	215-MOBILIARIO	156,27
	216-EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	4.347,34
	22000-ORDINARIO NO INVENTARIABLE	7.691,33
	22103-COMBUSTIBLES Y CARBURANTES	6.100,29
	22105-PRODUCTOS ALIMENTICIOS	1.844,47
	22106-PRODUCTOS FARMACEUTICOS Y MATERIAL SANITARIO	259,84
	22200-SERVICIOS DE TELECOMUNICACIONES	11.728,52
	224-PRIMAS DE SEGUROS	8.114,54
	22601-ATENCIONES PROTOCOLARIAS Y REPRESENTATIVAS	160,00
	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	17.331,48
	22604-JURIDICOS, CONTENCIOSOS	12.665,82
	22699-OTROS GASTOS DIVERSOS	69,87
	22700-LIMPIEZA Y ASEO	436,10
	22706-ESTUDIOS Y TRABAJOS TECNICOS	383,00
	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	15.326,70
Total 920		91.151,49
931	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	699,38
	22706-ESTUDIOS Y TRABAJOS TECNICOS	2.347,40
	626-EQUIPOS PARA PROCESOS DE INFORMACION	1.158,20
Total 931		4.204,98
932	22708-SERVICIOS DE RECAUDACION A FAVOR DE LA ENTIDAD	33.287,15





Concello de Outeiro de Rei

	22799-OTROS TRABAJOS REALIZADOS POR OTRAS EMPRESAS Y PR	8.000,00
Total 932		41.287,15
934	22602-PUBLICIDAD Y PROPAGANDA	212,96
Total 934		212,96
943	466-A OTRAS ENTIDADES QUE AGRUPEN MUNICIPIOS	219,19
Total 943		219,19
Total general		1.084.875,57

INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMIENTO
870.00	1.084.875,57	REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA GASTOS XERAIS

SEGUNDO.- Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

Non xurdindo debate, sométese a votación a proposta de aprobación provisional de expediente de suplemento de crédito 1/2022.

Realizada a votación da proposta de aprobación provisional de expediente de suplemento de crédito 1/2022 a proposta queda aprobada con nove votos a favor dos concelleiros do PP e con catro abstencións dos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE.

E non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión sendo as catorce horas e cinco minutos, da que eu, Secretario, extendo a presente acta co visto e praxe do sr. Alcalde.

O Secretario accidental

VºPº; O Alcalde

